



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA TRECE DE XULLO DE DOUS MIL ONCE.

NÚM. 07/2011

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>ALCALDE-PRESIDENTE</u></b> D. Javier Jorge Castiñeira.</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D. Manuel Pavón López. D<sup>a</sup> Mercedes Josefina González Alonso. D<sup>a</sup> María Teresa López Rego. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María García Rivera. D. José Ramón Val Alonso. D<sup>a</sup> Rosa María Pérez Gradaille. D. Enrique Cotarelo García. D. Jaime Cancio Rodríguez. D<sup>a</sup> Ana María López Campoamor. D<sup>a</sup> María Ángeles Veiga Varela. D. Xan Carlos González Basanta.</p> <p><b><u>INTERVENTOR</u></b> D. Luis Ramón Vázquez Parga.</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> D. M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas.</p>	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:30 horas do día 13 de xullo de 2011, baixo a presidencia de D. Javier Jorge Castiñeira, e asistido pola secretaria da Corporación, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, e o interventor municipal D. Luis Ramón Vázquez Parga, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
--	---

### 1.- COÑECEMENTO POLO PLENO DA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E OS SEUS PORTAVOCES.-

Dáse conta dos grupos políticos municipais e dos seus integrantes, así coma os portavoces designados polos mesmos e, no seus caso, dos suplentes:

<b><u>GRUPOS</u></b>	<b><u>CONCELLEIROS</u></b>	<b><u>PORTAVOCES</u></b>
<b><u>Grupo Municipal do PP</u></b>	<i>Don Javier Jorge Castiñeira Don Manuel Pavón López Dona Mercedes Josefina González Alonso Dona María Teresa López Rego Don Pedro José Fernández Marful</i>	<b><i>Titular: Javier Jorge Castiñeira</i></b>



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

<b>Grupo Municipal do PS de G-PSOE</b>	Don José María García Rivera Don José Ramón Val Alonso Dona Rosa María Pérez Gradaille Don Enrique Cotarelo García	<b>Titular:</b> Don José María García Rivera <b>Suplentes:</b> Don José Ramón Val Alonso Dona Rosa María Pérez Gradaille Don Enrique Cotarelo García
<b>Grupo Municipal UNIFOZ</b>	Don Jaime Cancio Rodríguez Dona Ana María López Campoamor Dona María Ángeles Veiga Varela	<b>Titular:</b> Don Jaime Cancio Rodríguez <b>Suplentes:</b> Dona Ana María López Campoamor Dona María Ángeles Veiga Varela

Quedando constituído en grupo mixto o seguinte Concelleiro que presentou escrito para constituirse como Grupo Municipal BNG, conforme ao artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, ao non estar integrado o grupo por un so Concelleiro:

<b>Grupo Mixto</b>	Don Xan Carlos González Basanta	<b>Titular:</b> Don Xan Carlos González Basanta
--------------------	---------------------------------	--

## 2.- DACIÓN DE CONTAS DO NOMEAMENTO DOS TENENTES DE ALCALDE.-

Dáse conta do decreto de Alcaldía de data 5 de xullo de nomeamento de Tenentes de Alcaldía:

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: Nomeamento de Tenentes de Alcalde.**

*Unha vez celebradas as Eleccións Locais do pasado 22 de maio de 2011 faise necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, ao nomeamento dos Tenentes de Alcalde, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.*

*CONSIDERANDO que de conformidade co disposto polos artigos 21.2 e 23.3 da citada Lei, en concordancia cas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 62 da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia e 46 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro (en adiante ROF), os Tenentes de Alcalde serán libremente nomeados e cesados polo Alcalde entre os membros da Xunta de Goberno Local.*

*CONSIDERANDO que esta Alcaldía, en uso das competencias que lle outorga a lexislación vixente con data 5 de xullo de 2011 procedeu mediante Resolución a designación dos membros da Xunta de Goberno Local.*

*En uso das atribucións que me confire a citada lexislación, por medio da presente,*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

### RESOLVO:

**PRIMEIRO:-** Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello, con efectos do día de hoxe, aos Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, os cales substituirán, polo orde do seu nomeamento, a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

**-Primeiro tenente de alcalde:- D. Manuel Pavón López.**

**-Segundo tenente de alcalde: - Da. Mercedes Josefina González Alonso.**

**-Terceira tenente de alcalde:- Da. María Teresa López Rego.**

**- Cuarto tenente de alcalde:- D. Pedro José Fernández Manín.**

**SEGUNDO:-**Establecer que no caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que me reconece a lexislación vixente, e , en especial, a ordenación de pagos e a autorización de talóns bancarios serán realizadas polos Tenentes de Alcalde, de conformidade coa seguinte orde:

**-Primeiro tenente de alcalde:- D. Manuel Pavón López.**

**-Segundo tenente de alcalde: - Da. Mercedes Josefina González Alonso.**

**-Terceira tenente de alcalde:- Da. María Teresa López Rego.**

**- Cuarto tenente de alcalde:- D. Pedro José Fernández Manín.**

**TERCEIRO:-** A estes efectos, cando esta Alcaldía teña que ausentarse do termo municipal, establecerá, mediante Decreto, a duración da ausencia, designando o Tenente de Alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta Designación de forma expresa, esta Alcaldía será substituída polo Primeiro Tenente de Alcalde e, no seu defecto, por o seguinte Tenente de Alcalde que se encontre presente na orde de designación antes establecida, sen que durante o mesmo día poda actuar como Alcalde accidental máis de un deles.

**CUARTO:-** Notificar persoalmente a presente resolución aos desinados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde en funcións, non podendo no citado exercicio nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade nin outorgar outras novas.

**QUINTO.-**Dar conta ó Pleno da Corporación desta Resolución na Sesión Extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto polo artigo 38 do ROF.

**SEXTO.-** Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo art. 44.2 do ROF e igualmente publicala no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello, sen perxuício da súa efectividade dende o día seguinte ao da firma da resolución polo Alcalde”.

**3.- DACIÓN DE CONTAS DO NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DAS COMPETENCIAS ATRIBUÍDAS Á MESMA.-**



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Dáse conta da Resolución de Alcaldía de data 5 de xullo de 2011 de nomeamento dos membros da Xunta de goberno Local e das competencias atribuídas á mesma, que literalmente sinala:

### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

#### **Asunto: Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local.**

*Unha vez celebradas as Eleccións Locais do pasado 22 de maio de 2011 faise necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, ó nomeamento dos Tenentes de Alcalde, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.*

**Considerando** que de conformidade co disposto polos artigos 20.1. b) e 23 da citada Lei, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas no art. 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia e 41.3, 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro (en adiante ROF), neste Municipio é obrigatoria a constitución da Xunta de Goberno Local por ter unha poboación de dereito superior a 5.000 habitantes.

*En uso das atribucións que me confire a citada lexislación, por medio da presente,*

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO**:- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes Concelleiros:

- **Presidente**:- o Alcalde, **D. Javier Jorge Castiñeira.**
- **Vocais**: - **D. Manuel Pavón López.**
- **Da. Mercedes Josefina González Alonso.**
- **Da. María Teresa López Rego.**
- **D. Pedro José Fernández Manín.**

**SEGUNDO**:-As sesións da Comisión Municipal de Goberno celebraranse na Alcaldía desta Casa Consistorial cada 15 días, os XOVES, ás 20 horas, comezando o xoves 14 de xullo.

**TERCEIRO**:-Facultar ao señor Alcalde-Presidente para alteralas sesións da Xunta de Goberno Local que coincidan con Semana Santa e Nadal ou como consecuencia dos períodos estivais, cando con elo non se menoscabe a xestión dos asuntos municipais, así como para pospoñer ou avanzala celebración das sesións ordinarias do citado órgano, dentro da mesma semana da súa celebración, cando o día fixado para ela coincida en festivo.

**CUARTO**:- Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes competencias atribuídas polo artigo 21 ao Alcalde que se delegan:

- Outorgamento de licenzas de obra maior.
- Informe de expedientes licenzas de obra en solo rústico.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- *Informe de licenzas de actividade clasificada.*
- *Recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas de compromisos de gastos de mais de 6.000 euros legalmente adquiridos.*
- *Resolución dos expedientes de concesión de subvencións.*

**QUINTO:-** *Notificar persoalmente a presente resolución aos desinados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa e aos Xefes dos diferentes Servicios Municipais, para o seu coñecemento e efectos.*

**SEXTO:-** *Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo art. 46 do ROF e igualmente publicala no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da firma da resolución polo Alcalde.*

**SÉPTIMO:-** *Dar conta ó Pleno desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ó previsto polo artigo 38 do ROF”.*

#### **4.- DACIÓN DE CONTAS DAS DELEGACIÓNS ESPECÍFICAS CONFERIDAS AOS CONCELLEIROS DA CORPORACIÓN.-**

Dáse conta da Resolución de alcaldía de data 5 de xullo de 2011 das delegacións específicas conferidas aos Concelleiros da Corporación, que literalmente di:

##### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Asunto: Delegación de competencias da Alcaldía a favor dos Concelleiros/as**

*Unha vez celebradas as Eleccións Locais do pasado 22 de maio de 2011, faise necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal, en particular, ao nomeamento dos Tenentes de Alcalde, en exercicio da potestade de autoorganización que o artigo 4.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta Entidade.*

*Considerando que de conformidade coa lexislación á que se fixo referencia, esta Alcaldía pode delegar o exercicio das súas atribucións sempre e cando non se atopen dentro dos supostos previstos polo artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, polo artigo 13 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e 61.3 da Lei 5/1997 de 2 de xullo, de Réxime Local de Galicia, nos que se regulan as competencias que non poden ser obxecto de delegación.*

*Por medio da presente e en uso das atribucións que legalmente teño conferidas,*

#### **RESOLVO:**

**Primeiro:-** *Conferir as seguintes DELEGACIÓNS ESPECIAIS a favor dos sres/as Concelleiros/as que se indican, para a dirección e xestión das áreas de Goberno Municipal que a continuación se relacionan:*



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

1. *Asuntos Sociais e Sanidade: D. Manuel Pavón López.*
2. *Educación, Cultura, Deportes, Muller e Xuventude: Da. Mercedes Josefina González Alonso.*
3. *Facenda, Turismo, Comercio, Emprego e Medio Ambiente: Da. María Teresa López Rego.*
4. *Medio Rural, Agricultura e Pesca: D. Pedro José Fernández Manín.*

*As delegacións que se outorgan comprenderán exclusivamente a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, sin incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, que será exercida polo órgano municipal a quen corresponda a competencia, quedando, por tanto, suxeitas ó réxime xeral previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro (en adiante ROF), ó non contemplarse o alcance das mesas no Regulamento Orgánico da Corporación.*

*En todo caso quedan excluídas as atribucións indelegables expresamente reservadas á Alcaldía no artigo 21.3 da Lei 7/1985 de 2 e abril e no artigo 61.3 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Réxime Local de Galicia.*

**Segundo:-** *As atribucións delegadas deberánse exercer nos términos e dentro dos límites desta Delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares en outro órgano ou Concelleiro.*

**Terceiro:-** *De conformidade co disposto polo artigo 44 do ROF, estas delegacións terán efecto dende o día seguinte á data de notificación deste Decreto ós concelleiros afectados e serán de carácter indefinido, sen perxuízo da potestade de avocación desta Alcaldía.*

*En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos Concelleiros delegados, esta Alcaldía asumirá directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avocación en base á presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.*

**Cuarto:-** *Notificar persoalmente a presente resolución aos desinados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa e ós Xefes dos diferentes Servizos Municipais, para o seu coñecemento e efectos.*

**Quinto:-** *Dar conta ó Pleno desta Resolución na primeira sesión que teña lugar, e publicar o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do disposto polo artigo 44.2 do texto legal antes citado".*

### **5º.- PERIODICIDADE DAS SESÓNS PLENARIAS.-**

Dáse conta da proposta de Alcaldía sobre a periodicidade das sesións plenarias.

O Sr. Alcalde explica que tomouse coma referencia o establecido no mandato anterior.

Toma a palabra o Sr. García Rivera para dicir que o que non é de recibo é que se presente un organigrama de goberno cumprindo xa os límites establecidos pola lei, nun municipio coma Foz, tan tarde, turístico, o seu grupo quere saber por que se demorou tanto



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

este pleno, se é por algún motivo en especial ou é porque se estaba negociando e non se puxeron de acordo, que non é o caso do seu grupo, xa que a el chamóuselle polo Alcalde e resolveuse a reunión en dez minutos, porque eles están na oposición.

O Sr. Alcalde respóndelle que a formación do goberno quedou complexa despois dos resultados das eleccións, non cabe dúbida que foron unhas eleccións moi abertas onde os cidadáns decidiron unha participación de tódolos grupos. A intención do seu grupo a partir do 11 de xuño foi a negociación con tódolos grupos de coma iba a ser o goberno; ante de precipitarse é importante falar con tódolos grupos, efectivamente o PSOE díxolle que non estaba disposto a participar no goberno, que ía facer oposición, pero iso non era o que pensaban tódolos grupos, se falou de cousas de goberno e adiantáronse cousas interesantes e hai que buscar a mellor disposición posible. Non entende cal e a inqueda que ten o PSOE, posto que o goberno segue.

Contéstalle o Sr. Rivera que a súa inqueda é que querían saber cal é o motivo porque se faloron na prensa cousas, ao seu grupo parécelle ben que se negocie pero hai un tempo prudencial para facelo, xa que hai temas que os cidadáns queren tratar e queren saber con quen.

O Sr. Alcalde dille que a resposta é isa, que intentouse falar ao máximo cos grupos políticos que querían facer un goberno sólido.

Non habendo mais intervencións, procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Fixar cunha periodicidade mensual a celebración das sesións ordinarias do Pleno Corporativo o último xoves de cada mes, excepto o mes de agosto, ás 20 horas e 30 minutos.**

### **6.- APROBACIÓN E CREACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.-**

Dáse conta da proposta de Alcaldía sobre aprobación e creación das comisións Informativas.

O Sr. Alcalde explica que tratouse de facer una distribución equitativa das comisións, tal e coma establece a normativa e inténtase seguir coas que funcionaban no mandato anterior.

O Sr. García Rivera manifesta que hai incongruencia, xa que o PP no mandato anterior quixeron crear mais Comisións a través de moción e agora leva ao Pleno estas. Quería propoñer que cando se refira ao Grupo Mixto se diga BNG, xa que iso xa pasou nun mandato.

O Sr. Alcalde di que sería mellor que o pida o BNG.

Replicalle o Sr. García Rivera que non, que se lle molesta que o pida el.

O Sr. Alcalde interrompe ao Sr. García Rivera para dicir que é mellor que o pida o Sr. Basanta.

Prosegue o Sr. Rivera pedindo a palabra e di que non é normal que un se propoña a si mesmo para algo, iso será na concepción política do Sr. Alcalde, pero non na del, é mellor que



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

alguén o propoña e o seu grupo quere que haxa boa disposición para que sexa así.

O Sr. Alcalde di que por eles non hai ningún problema.

Intervén o Sr. Rodríguez Cancio para dicir que a proposta do PP parece ser que é una liña continuista co que se viña facendo anos atrás e nesa liña coincide coa exposición do PSOE en que no ano 2007, na acta do 25 de xuño, momento no que o portavoz do PP propuña a creación de catro Comisións mais, Comisión Informativa de Obras e Servizos, Comisión Informativa de Cultura; Educación e Deporte, Comisión Informativa de Desenrolo e Promoción Social, Comisión Informativa de Sanidade, Seguridade e Medio Ambiente, por consideralas interesantes para os veciños e os asuntos municipais e que foi aprobada cos votos do PP e do BNG, polo que o seu grupo quere propoñerlle que se creen esas comisión para seguir con esa liña continuista e tamén que se cree una Comisión Especifica de Seguimento das Obras Portuarias e un Comisión específica de seguridade cidadá, xa que entende que é procedente tal coma está a situación actualmente. Sinala tamén que lle gustaría que de creara e regulara o funcionamento da Xunta de Portavoces.

O Sr. Basanta agradécelle ao portavoz do PSOE a deferencia que tivo con el en pedir que se lle denomine BNG. As Comisións de Contas e de Asuntos de Pleno son obrigadas por lei, quizais crear catro mais sexa excesivo, propón que se refundirán esas en dúas, Cultura, Educación, Deporte e Turismo e noutra Asuntos Sociais, Sanidade, Seguridade Cidadá e desenvolvemento Local. Expresa que está de acordo con Unifoz no relativo á Xunta de Portavoces porque considera que é importante ter reunións para ver coma están os asuntos do pobo e máximo cun goberno en minoría.

O Sr. Alcalde di, con respecto á liña do PP anteriormente, agora hai cinco persoas novas que poden ter outra postura á do PP no ano 2007. Pregunta cantas veces reuníronse esas Comisións. Esas Comisións non tiveron uso, di que a de Asuntos Plenarios é a mais importante, a de Contas é obrigatoria e tamén está a de obras. A obra do porto vaise seguir periodicamente e informarase aos grupos e pódese facer nesa Comisión de Obras. Respecto á Xunta de Portavoces di que ao non haber ningún regulamento orgánico no Concello non se pode crearse.

O Sr. Alcalde pídelle á Secretaria que aclare o procedemento para a aprobación da Xunta de Portavoces e esta manifesta que poderase crear e regular a través dun regulamento orgánico que conleva un procedemento consistente nunha aprobación inicial, exposición ao público e probación definitiva e regular, aparte da Xunta, outros aspectos.

O Sr. Cancio contesta que ao seu grupo parécelle ben, pero que se faga coma se ten que facer.

Toma a palabra o Sr. García Rivera para dicir que lle parece chocante que haxa varios PP.

O Sr. Alcalde lle di ao Sr. García Rivera si lle fastidia estar nese lado.

O portavoz do PSOE respóndelle que non e pídelle que se pode non lle corte cando lle fale. Prosegue a súa intervención dicindo que respecto á Xunta de Portavoces, pódese convocar aos portavoces sen prexuízo do regulamento; e respecto ás Comisións Informativas, que non se reuniran sempre non é certo, xa que para convocarse ten que haber asuntos e que o seu grupo está de acordo con que se creen esas Comisións que di Unifoz.





## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O portavoz de Unifoz expresa que están falando de Comisións Informativas que son de asuntos importantes e ten que habelas, ao mesmo que a Xunta de Portavoces e iso de que a convoque o Alcalde cando o considere oportuno non lle parece ben.

O Sr. Alcalde manifesta que o que lle extraña moito é que o portavoz de Unifoz estea tanto a favor do proxecto do Porto, cando no seu momento era moi excéptico.

A continuación, procédese mediante o sistema de votación única á votación, en primeiro lugar, da proposta de Alcaldía, obténdose un resultado de 5 votos a favor (PP) e, en segundo lugar, da enmenda proposta por Unifoz, obténdose un resultado de 8 votos a favor (4 PSOE, 3 Unifoz e 1 BNG), resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Crear a Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, para todos aqueles asuntos económicos competencia de Pleno, quedando constituída polos seguintes membros corporativos:

Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda	
<b>PP</b>	<b>Titular:</b> Javier Jorge Castiñeira, Manuel Pavón López e M <sup>a</sup> Teresa López Rego
<b>PS de G. PSOE</b>	<b>Titular:</b> José María García Rivera e Rosa María Pérez Gradaille <b>Suplentes:</b> Enrique Cotarelo García
<b>Unifoz</b>	<b>Titular:</b> Jaime Cancio Rodríguez e Ana María López Campoamor <b>Suplente:</b> Ángeles Veiga Varela
<b>BNG</b>	<b>Titular:</b> Xan Carlos González Basanta

**Segundo.-** Crear a Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno para todos os asuntos competencia de Pleno, excepto os que sexan competencia doutra Comisión, quedando constituída polos seguintes membros corporativos:

Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno	
<b>PP</b>	<b>Titular:</b> Javier Jorge Castiñeira, Manuel Pavón López e Mercedes Josefina González Alonso
<b>PS de G. PSOE</b>	<b>Titular:</b> José María García Rivera e José Ramón Val Alonso <b>Suplentes:</b> Rosa María Pérez Gradaille
<b>Unifoz</b>	<b>Titular:</b> Jaime Cancio Rodríguez e Ana María López Campoamor



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

	<b>Suplente:</b> <i>Ángeles Veiga Varela</i>
<b>BNG</b>	<b>Titular:</b> <i>Xan Carlos González Basanta</i>

**Terceiro.-** Crear a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo competencia de Pleno relacionados con obras e urbanismo, quedando constituída polos seguintes membros corporativos:

Comisión Informativa de Obras e Urbanismo	
<b>PP</b>	<b>Titular:</b> <i>Javier Jorge Castiñeira, Manuel Pavón López e Pedro Fernández Manín</i>
<b>PS de G. PSOE</b>	<b>Titular:</b> <i>José María García Rivera e Enrique Cotarelo García</i> <b>Suplentes:</b> <i>Rosa María Pérez Gradaille</i>
<b>Unifoz</b>	<b>Titular:</b> <i>Jaime Cancio Rodríguez e Ángeles Veiga Varela</i> <b>Suplente:</b> <i>Ana María López Campoamor</i>
<b>BNG</b>	<b>Titular:</b> <i>Xan Carlos González Basanta</i>

**Cuarto.-** Crear as seguintes Comisións Informativas:

- Comisión Informativa de Obras e Servizos, Comisión Informativa de Cultura.
- Educación e Deporte,.
- Comisión Informativa de Desenrolo e Promoción Social.
- Comisión Informativa de Sanidade, Seguridade e Medio Ambiente.

**Quinto.-** Dar traslado deste acordo aos interesados.

### 7.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NOS CONSELLOS ESCOLARES.-

Pola Secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía sobre o nomeamento de representantes nos Consellos Escolares.

O Sr. Alcalde explica que tratouse de facer unha equidistribución coma na anterior lexislatura.

Non habendo intervencións procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Nomear nos seguintes Consellos Escolares ás persoas que se relacionan:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Consello Escolar do IES de Foz: Da. Mercedes Josefina González Alonso.
- Consello Escolar Colexio Nº 1:
  - Titular: D. José María García Rivera.
  - Suplente: D. José Ramón Val Alonso.
- Consello Escolar do Colexio O Cantel: Da. Ángeles Veiga Varela.
- Consello Escolar CEIP Nois: D. Xan Carlos González Basanta.

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo aos interesados.

### 8º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIÑA.-

Pola Secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía sobre o nomeamento de representantes na Mancomunidade de Municipios da Mariña.

O Sr. Alcalde di que nese punto e no seguinte tamén tratouse de facer un reparto equitativo.

Non habendo intervencións procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Nomear como representantes do Concello na Mancomunidade de Municipios da Mariña a D. Javier Jorge Castiñeira e a D. Jaime Cancio Rodríguez.

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo aos interesados.

### 9º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA ASOCIACIÓN TERRAS DE MIRANDA.-

Pola Secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía sobre o nomeamento de representantes do Concello na Asociación Terras de Miranda.

Non habendo intervencións procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Nomear como representantes do Concello na Asociación Terras de Miranda a:

- Titular: D. José María García Rivera.
- Suplente: Da. Rosa María Pérez Gradaille.

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo aos interesados.

### 10º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NO CONSELLO DA RADIO.-

Pola Secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía sobre o nomeamento de representantes do Concello no Consello da Radio.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A Secretaria recorda que segundo os estatutos do Consello, aprobados polo Pleno da Corporación, a presidencia correspóndelle á Concelleira de Cultura.

O Sr. Alcalde propón entón á Concelleira de Cultura coma Presidenta e coma vocal a el.

Non habendo intervencións procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Nomear aos seguinte representantes no Concello da Radio:

- Polo PP: Da. Mercedes Josefina González Alonso (Presidenta) e D. Javier Jorge Castiñeira.
- Polo PS de G-PSOE:
  - Titular: D. José María García Rivera.
  - Suplente: D. José Ramón Val Alonso.
- Por Unifoz: D. Jaime Cancio Rodríguez.
- Polo BNG: D. Xan Carlos González Basanta.

**Segundo.-** Dar traslado deste acordo aos interesados.

### **11º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA COMISIÓN MIXTA CONSORCIO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E NO SEU CONSELLO ESCOLAR.-**

Pola Secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía sobre o nomeamento de representantes do Concello.

O Sr. Alcalde explica que é un Consorcio con Igualdade e benestar e propónse iso así porque xa que está o PP debe tamén estar no Concello.

O Sr. García Rivera toma a palabra para propoñer ao Sr. González Basanta no Consello.

Non habendo mais intervencións sométese a votación, en primeiro lugar, a proposta de Alcaldía, mediante o sistema de votación única, obténdose un resultado de 5 votos a favor e, en segundo lugar, a enmenda realizada polo PSOE, obténdose un resultado de 8 votos a favor (4 PSOE, 3 Unifoz e 1 BNG), resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Nomear como representates do Concello no Consorcio de Servizos de Igualdade e Benestar a D. Manuel Pavón López.

**Segundo.-** Nomear no Consello Escolar D. Manuel Pavón López e D. Xan Carlos González Basanta.

### **12º.- ADICACIÓN EXCLUSIVA DE D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA.-**

Pola Secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía sobre a adicación exclusiva.

O Sr. Alcalde anuncia que vaise abster no punto da orde do día e tomará a presidencia



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

o Primeiro Tenente de Alcalde, saíndo do Salón de Plenos.

O Sr. Pavón López manifesta que ten as tres últimas declaracións da renda do Alcalde para que se podan comprobar.

O portavoz do PSOE pregunta se esas declaracións figuran coa documentación da orde do día.

O Sr. Pavón respóndelle que non.

O Sr. García Rivera pide que conste en acta que non figuraban coa documentación. E pregunta se iso mais seguridade social.

O Interventor contesta que si.

O portavoz do PSOE fai constar que cando se presentou a súa adicación custoulle sudor e lágrimas, pero a historia é a historia e tivo que remover no seu centro de traballo e levar a nómina de aquí para alá.

O portavoz de Unifoz pregunta se é exactamente a mesma cantidade.

O Interventor respóndelle que si.

O portavoz de Unifoz pregunta se é unha liña continuista ou é o que cobraba el.

O Sr. Pavón di que é menos do que viña cobrando Javier no seu posto de traballo.

O portavoz de Unifoz prosegue preguntando si se vai compatibilizar con algunha actividade. O seu grupo cre que non é lóxico en comparación con outras Corporacións, polo que non van entrar nese criterio porque o salario dos alcaldes teñen que estar regulados por lei, en función da poboación e orzamento, pero iso non é obxecto de debate no Pleno. Manifesta que o seu grupo entende que o Alcalde de Foz ten que ter adicación exclusiva, pero non se considera competente para manifestar canto ten que cobrar.

O portavoz do BNG di que está de acordo con que cobre o mesmo que tiña asignado o outro Alcalde, porque os salarios deben ser dignos e o que hai que facer é traballar, polo que el vai votar a favor.

O portavoz do PSOE di que se sabe coma facturan os profesionais e pode gañar unha cantidade mediante facturación, e pregunta se entre a documentación que aporta está a nómina.

O Sr. Pavón dirixíndose ao portavoz do PSOE dille que entende que está dicindo que se pode falsificar a declaración da renda.

O Sr. García Rivera replícalle que el a súa declaración a ten ben, que iso será o que está entendendo o Sr. Pavón e lle pide que lle deixe rematar. Avisa de que vai cobrarse unha adicación.

Rematado o debate procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Votos a favor: 9 (4 PP, 4 PSOE e 1 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 4 (3 Unifoz e 1 PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Recoñecer a adicación exclusiva para o mandato 2011-2015 ao cargo de Alcaldía do Concello, desempeñada por D. Javier Jorge Castiñeira, cunhas retribucións brutas anuais de 41.242,32 euros. A retribución bruta mensual será de 2.945,88 euros aboables en doce mensualidades. Devengaranse dúas pagas extras (o día 1 de xuño e o 1 de decembro) por contía de 2.945,88 euros, aboables nos meses de xullo e decembro. Estas retribucións sufrirán as mesmas actualizacións que sufran as retribucións do persoal ao servizo do Concello de Foz, segundo o previsto nas Leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado.

**Segundo.-** Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

*Neste momento entra no Salón de Pleno o Sr. Alcalde e volve a ocupar a Presidencia da sesión.*

### **13.- DETERMINACIÓN DO IMPORTE DAS DIETAS POR ASISTENCIA DE CARGOS ELECTOS AOS ÓRGANOS COLEXIADOS MUNICIPAIS E INDEMNIZACIÓN POLAS XESTIÓNS NO DESEMPEÑO DO CARGO.-**

Pola Secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que propónse seguir coa liña anterior porque o seu grupo entende que non hai porque cambialas.

Non habendo intervencións procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (5 PP, 4 PSOE e 1 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 3 (Unifoz).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro.-** A asistencia a órganos colexiados constitúe unha dieta ou honorario que se lle recoñece aos membros da Corporación que non perciben retribucións por dedicación parcial ou exclusiva pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, fixándose a retribución bruta a obter por asistencia a cada sesión do Pleno de 60,10 € e unha retribución bruta por asistencia ao resto de órganos colexiados de 30,50 €. No caso de coincidir un mesmo concelleiro en varias sesións de distintos órganos colexiados celebradas no mesmo día ou a celebración de varias sesións dun órgano colexiado nun mesmo día, soamente percibirase indemnización pola asistencia a unha das sesións, que será a de maior valor económico.



## CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

**Segundo.-** Aplicar no referente a indemnizacións polas xestións que esixan o desprazamento dentro ou fora do termo municipal do Alcalde ou Concelleiros e á súa xustificación o establecido no Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, ou normativa que a substitúa, nas contías que se sinalen para o Grupo I.

**Terceiro.-** Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

### 14.- DETERMINACIÓN DO IMPORTE DAS ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS.-

Pola Secretaria dáse conta da proposta de Alcaldía sobre a determinación do importe das asignacións económicas aos grupos políticos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que propónse seguir coa liña anterior porque o seu grupo entende que é xusto.

Non habendo intervencións procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (5 PP, 4 PSOE e 1 BNG).
- Votos en contra: ningún.
- Abstencións: 3 (Unifoz).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

**Primeiro. –** Establecer unha asignación económica a cada grupo político da Corporación dunha cantidade cun compoñente fixo mensual de 180,30 €, e un compoñente variable de 63,06 € mensuais por cada concelleiro que integre cada un dos devanditos grupos, que se liquidará cunha periodicidade trimestral.

Estas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación ou á adquisición de bens que podan constituír activos fixos de carácter patrimonial e os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

**Segundo. -**Que se publique o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da Corporación e na páxina web do Concello, para que sexan de xeral coñecemento.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 35 minutos do trece de xullo de 2011, do que como secretaria dou fe e certificado.

Vº Bº  
O Alcalde,

Asdo.: Javier Jorge Castiñeira.